

# O ladrillo dos Orzamentos agocha grandes prexuizos para @s traballador@s

Os Orzamentos para o 2014 seguen a impoñer a xa coñecida **TAXA de REPOSICIÓN**, algo que desde a **CIG-Saúde** levamos combatendo desde que o goberno do PP empezou a introducir este límite na reposición de efectivos. Á **amortización de prazas** que se levou a cabo nestes anos de vixencia da taxa de reposición, máis de 1300 desde o 2011, súmase a **falta de convocatorias de procesos selectivos**.

Así, a Lei de Orzamentos do 2014 lexitima a intención do SERGAS de **convocar OPE só para algunhas categorías sanitarias**, porque faculta ao SERGAS para concentrar a taxa de reposición nas categorías profesionais que a Administración considere prioritarias. No referente a Traslados, o SERGAS **tampouco quere convocar todas as prazas vacantes**. Por se isto fora pouco, o bosquejo de Lei de Orzamentos consolida a perda do complemento específico nas pagas extras.

Os orzamentos do 2014 para Sanidade **redúcense en 21 millóns de euros**, que sumados ás minoracións anteriores supoñen máis de 270 millóns de diminución en 4 anos, diminución que repercutirá directamente no capítulo de persoal, en **máis peche de camas e servizos, maiores privatizacións...**

No tocante á repercusión desta diminución no capítulo de persoal, a baixada dos orzamentos do 2014 significará **mingua de retribucións, perda do poder adquisitivo, amortización de prazas e falta de convocatoria de procesos**.

É coma se ese ladrillo o tiveramos enriba da cabeza a punto de caer en calquera momento.

Imos deixar que nos bata na cachola sen facer nada? Imos quedar parad@s?

**Cómpre quitarmos ese peso de enriba, cómpre reaxir!**

**\* ELIMINACIÓN DA TAXA DE REPOSICIÓN**

**\* CONVOCATORIA OPE E TRASLADOS 100% DAS CATEGORÍAS E PRAZAS**

**\* RECUPERACIÓN DOS SALARIOS RECORTADOS**



**QUITEMOS ESE PESO DE ENRIBA!**

